Proxecto de investigación
Estudo histórico de furacáns (información en inglés)

Domino público

Os furacáns son fenómenos meteorolóxicos cun gran poder destrutivo que son xerados nos océanos.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
   Empregaremos unha páxina en inglés que inclúe datos de furacáns e tormentas tropicais dende o ano 1995 (aquí).
2. Buscamos información.
   Que é e como se forma un furacán? E un tifón? E unha tormenta tropical?
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
   A nosa hipótese de traballo é que o número de furacáns e a súa intensidade está aumentando nos últimos anos.
4. Realizamos un deseño de investigación.
   Empregando os datos da páxina enlazada intentaremos analizar a nosa hipótese comparando datos dun mínimo de cinco anos. Por exemplo: 1995, 2000, 2005, 2010 e 2015. Como mínimo realizaremos a comparación nunha zona pero podemos facelo con máis dunha para mellorar as nosas conclusións.
5. Resultados da nosa investigación.
   Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.